

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2013.

Querido/a Presidente/a:

Con motivo das celebracións que ao longo de 2013, están a conmemorar o "**150º Aniversario da publicación da primeira edición de "Cantares Galegos", de Rosalía de Castro**", dende a Secretaría Xeral da Emigración estamos emprendendo e coordinando coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, unha iniciativa na que queremos que os galegos residentes no exterior sexades actores protagonistas.

O **24 de novembro de 1861**, no periódico *Museo Universal* de Madrid, prodúcese a primeira aparición imprimida de Rosalía de Castro como poetisa en lingua galega. A importancia histórica deste acontecemento reside en dous factores: por unha banda o enaltecemento da lingua falada por un pobo emigrante, o galego, converténdoa en lingua literaria de máxima dignificación internacional; por outra, o sentimento de orgullo cara a quenes formaron parte do fenómeno da emigración galega e foron decisivos nos avances que, a todos os niveis, fixeron de Galicia unha terra de oportunidades e hoxe contribúen á súa proxección en todo o mundo.

O poema que desencadeou estes sentimentos e foi pioneiro na aparición pública imprimida en lingua galega da nosa insigne escritora, foi o popular: "**Adeus ríos, adeus fontes**", posteriormente incluído en "*Cantares Galegos*". Con estes antecedentes, paso a describivos o contido da actividade proposta.

O próximo **domingo, 24 de novembro**, gustaríanos conmemorar aquela data de 1861, celebrando unha actividade de homenaxe a Rosalía de xeito simultáneo en Galicia, e en todos aqueles países ou comunidades autónomas de España onde existe unha representativa colonia de galegos.

A actividade consistirá na proxección do documental: "**Rosalía de Castro, Sombras sen sombra**" (Taller de Edicións J. A. Durán), nun mesmo horario (domingo, 24 de novembro, 17:00h. en España). Trátase dun traballo realizado sobre a figura de Rosalía onde a emigración ten un peso extraordinario no tratamento informativo, na recollida de poemas alusivos á Galicia emigrante e na razón de uso da lingua galega para dignificala e desvirtuar aqueles tópicos alusivos ao galego emigrante.

Para iso, propoñemos que dende os centros galegos convoquedes aos vossos socios para visionar o mencionado documental de xeito simultáneo e no horario indicado, co desexo de que podamos compartir esta homenaxe, que por extensión vai dirixida a todos vos.

Co obxectivo de que poidades ter o documental previamente, adiantarémovos días antes por correo electrónico, nun formato de fácil descarga e con posibilidade de gardar no ordenador dende onde posteriormente vaia ser proxectado.

Para deixar constancia desta actividade, que pretende ter unha difusión mundial, propoñovos a gravación de imaxes ou a realización de fotografías do evento, que sirvan para ilustrar a reportaxe gráfica que faremos posteriormente, e de cuxa edición resultará un programa especial que será difundido posteriormente pola Televisión de Galicia, que o vindeiro día 24 informará da devandita actividade nos seus informativos televisados de medio día e da noite, así como permitirá seguir en directo o seu desenvolvemento a través da súa páxina web.

Coa ilusión e desexo de que sexa un éxito para a visibilidade da insigne escritora galega e para o conxunto dos que formades a Galicia exterior, recibe unha forte aperta que rogo fagas extensiva ao conxunto dos socios desa institución.

O secretario xeral da Emigración